

# Anxo Angueira, profesor da UVigo, ingresa na Real Academia Galega este sábado

Será nunha sesión extraordinaria pública no auditorio municipal de Padrón

REDACCIÓN  
VIGO

Anxo Angueira Vitarro (Dodro, A Coruña, 1961) ingresará na Real Academia Galega como membro de número este sábado 27 de abril, nunha sesión extraordinaria pública que terá lugar no auditorio municipal de Pa-

drón a partir das 12.00 horas. O profesor da Universidade de Vigo e escritor actual presidente da Fundación Rosalía de Castro, pronunciado o discurso titulado *Les a noite, í es a aurora. A poética da luz en Rosalía de Castro*, ao que lle dará resposta en nome da institución a académica Chus Pato. Angueira é profesor titular da área

de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Vigo e centra os seus estudos na xénesis e características do Renacemento. Autor de traballos como *Das copias de Sarmiento ás cantares de Rosalía de Castro. Cara a unha nova periodización do Renacemento* (2015) ou *Rosalindamente a palabra e a letra* (2019), conta cunha in-



Anxo Angueira. // Xoán Álvarez

teresa e dilatada dedicación á obra de Rosalía de Castro, con achegas que permiten unha lectura anovada e respectuosa coa vontade da autora. Ademais, preside, desde o ano 2012, a Fundación Rosalía de Castro, na que desenvolve un destacado labor de divulgación da figura e do legado literario da escritora.

Como investigador e ensaísta, cómpre destacar os estudos e edicións da obra de Xosé Luís Méndez Ferrín: *Con Pilbox e magnolias. Galá de lecturas* (1982); *Fiesta ermita de Heriberto Bero* (1985); *A espina no espello. Escravatura e o sistema literario galego* (2008).